

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA ECONÓMICA
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

MEMORIA ECONÓMICA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E OUTRAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO.

I. ANTECEDENTES

Na actualidade o servizo de limpeza das instalacións da casa consistorial e outras instalacións e dependencias municipais do Concello de Vigo, préstase por adxudicación do contrato do mesmo nome á mercantil URBASER S.A., acordado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión extraordinaria e urxente de 6 de setembro do 2019 (Exp. 81/441) por un período de catro anos con un máis de prórroga.

O contrato asinouse o día 10 de outubro do 2019 e a prestación iniciouse o día 1 de novembro do 2019, polo que a data de finalización foi o día 31 de outubro do 2023. Esta data ampliouse por acordo do órgano de contratación de data oito de setembro do 2023 (exp8450/252), facéndose efectivo o ano adicional de prórroga a partir do día 1 de novembro do 2023, polo que a data de finalización definitiva do contrato será o día 31 de outubro do 2024.

Este contrato polo tanto atópase actualmente en vigor, pero dado que remata definitivamente o 31 de outubro do 2024, e considerando os tempos de tramitación que o área de Contratación refire como necesarios (un ano para contratos maiores de regulación harmonizada), iniciouse o procedemento de contratación do servizo de limpeza da casa do Concello e as outras instalacións municipais que agora se atenden, por resolución do Concelleiro delegado de data 11/10/2022 (consta no expediente).

II. OBXECTO DO CONTRATO:

O obxecto do presente expediente contempla a contratación da prestación dos servizos de limpeza das dependencias da Casa Consistorial e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo, detallándose as mesmas no PPTP.

A tipoloxía dos traballos do servizo a prestar descríbese máis polo miúdo nas definicións básicas que se recollen no PPTP, correspondéndose coas seguintes categorías ou tipoloxías:

- Limpezas habituais ou ordinarias de frecuencia diaria
- Limpezas habituais ou ordinarias de frecuencia non diaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:34	Páxina 1 de 31
8173-252	CSV: ACAH57-3549CC-C7C7A7-7YR39B-KND6KN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA ECONÓMICA
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

- Limpezas programadas
- Limpezas extraordinarias
- Limpezas baixo demanda

A descrición detallada da metodoloxía e das características dos servizos a prestar recóllese no Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP).

III.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

Para a determinación do prezo do contrato, tense en conta que no referente á cualificación do contrato, polo seu obxecto, constitúe este un contrato de servizos previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. (LCSP). Así mesmo para a determinación do prezo teranse en conta as condición de execución determinadas no PPTP, así como a consideración dun período de execución de catro (4) anos, máis a posibilidade de unha prórroga de un (1) ano.

Se a execución do contrato se iniciase máis tarde da data prevista (1 de novembro de 2024), os créditos para a execución do primeiro ano do contrato serán axustados de forma proporcional á data real do inicio, sempre dentro da anualidade correspondente, e tendo en conta o importe ofertado polo adxudicatario. Neste sentido, o prazo do contrato quedará determinado pola data para o inicio que se determine na formalización do contrato, e a súa finalización quedará sempre fixa na data do 31 de outubro de 2028, salvo a aprobación da prórroga prevista. Deste xeito, o prezo do contrato quedará determinado pola parte proporcional que corresponda ás mensualidades da primeira anualidade (ano 2024 ou ano seguinte 2025 en caso de inicio do contrato posterior ao 1 de xaneiro do 2025), segundo o prazo real definido pola data de inicio, máis o resto das anualidades ata o día 31 de outubro de 2028. Os importes determinaranse a partir dos importes que para cada anualidade teña ofertado o adxudicatario.

III a) XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:34	Páxina 2 de 31
8173-252	CSV: ACAH57-3549CC-C7C7A7-7YR39B-KND6KN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA ECONÓMICA
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

En relación coas prestacións obxecto do contrato nas diferentes dependencias e outras instalacións do Concello de Vigo, xustifícase a non división en lotes do obxecto do presente contrato polos motivos contemplados no artigo 99.3. b) da LCSP, tendo en conta os seguintes argumentos:

- A optimización e eficiencia dos medios utilizados, xa que moitos centros de traballo, polo seu reducido tamaño, teñen unha escasa carga de traballo. Así mesmo a proximidade xeográfica entre eles posibilita a execución dos traballos de limpeza compartindo recursos adscritos ao contrato, tanto medios humanos como medios materiais.
- En relación cos medios materiais (máquinas de auga a presión, fregados industriais, varredoras, útiles específicos para limpeza de cristais, etc) así como os grandes medios (vehículos, plataformas elevadoras, etc), son comúns para os diferentes centros de traballo. A división en lotes dificultaría a correcta execución do servizo dende o punto de vista técnico, e incrementaría notablemente os custes económicos ao ser necesaria unha multiplicidade de medios materiais de forma absolutamente innecesaria dende un punto de vista da correcta planificación técnica.
- A non división en lotes facilita a comunicación cos responsables dos diferentes centros de traballo -que nalgúns casos son comúns para diferentes instalacións- mellorando substancialmente a comunicación de incidencias, avisos, etc., na prestación do servizo.
- A interlocución unificada para a prestación do servizo permite resolver con maior axilidade a coordinación das incidencias, favorecendo unha mellor execución das prestacións. Un contrato non dividido en lotes permite unificar a toma de decisións sobre a asignación de medios entre as distintas dependencias obxecto do contrato, e o apoio con recursos comúns a tarefas extraordinarias e baixo demanda.
- A non división en lotes permite a realización dun único programa de supervisión e control interno do Plan de servizos, o que mellora o coñecemento do desenvolvemento do mesmo. Este programa único de supervisión e control interno é idóneo para a correcta execución do contrato unificando, mellorando o control e información sobre o persoal, material, horarios de traballo, etc. A división en lotes impediría a correcta coordinación do servizo a prestar e incrementaría os custes do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:34	Páxina 3 de 31
8173-252	CSV: ACAH57-3549CC-C7C7A7-7YR39B-KND6KN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA ECONÓMICA
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

mesmo ao ter que executarse diferentes programas de supervisión, mingando a calidade do servizo pola necesaria demora no tempo da integración das mesmas, reducindo polo tanto a eficiencia na súa prestación.

- O prezo do contrato unificado e non dividido en lotes redúcese ao reducir custes de estrutura, que se unifican nun único prestador e se multiplican coa división en lotes.

III b) FUNDAMENTOS DO ESTUDO ECONÓMICO

O prezo do contrato é unha cantidade certa segundo o preceptuado no **artigo 102** da LCSP, abonándose ao contratista en función da prestación realmente executada. No prezo está incluído o importe a abonar en concepto de IVE, indicándose este como partida independente.

Conforme ao establecido no artigo 102.3 da LCSP, a determinación do prezo do contrato deberá ser o *"... adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral do mercado no momento de fixar o orzamento base de licitación ..."*. Así mesmo o artigo 100.2 da LCSP, en relación co orzamento base de licitación, establece *"No momento de elaboralo, os órganos de contratación velarán pola adecuación do orzamento base de licitación aos prezos de mercado. Para tal efecto, desagregarase o orzamento base de licitación, indicando no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento regulador da licitación os custos directos e indirectos e demais gastos posibles calculados para a súa determinación. Nos contratos nos que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución forme parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará de forma desagregada, e desagregada por xénero e categoría profesional, os custos salariais estimados a partir do traballo de referencia"*.

O artigo 35 da LCSP, relativo ao contido mínimo do contrato, establece que os pregos de formalización do contrato incluírán: *«n) A obriga da empresa contratista de cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación"*. E o artigo 122.2 da LCSP dispón: *«2. O prego de cláusulas administrativas particulares recollerá (...) a obriga do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores de acordo co Convenio Colectivo sectorial de aplicación; (...)"*.

Por iso, os cálculos contemplados na presente memoria económica atópanse axustados ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:34	Páxina 4 de 31
8173-252	CSV: ACAH57-3549CC-C7C7A7-7YR39B-KND6KN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA ECONÓMICA
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

efectivo cumprimento do contrato, calculándose en consideración ao prezo xeral de mercado, examinadas as diferentes variables que resultan dunha normal xestión do tipo de actividades e prestacións que conforman o obxecto do contrato.

En consecuencia, serán obxecto de inclusión no prezo do contrato todos aqueles gastos que, xunto cos gastos de persoal, teñen unha incidencia directa na correcta execución do mesmo, e neste sentido contémpanse todos os gastos variables derivados da execución en función das esixencias contidas no PPTP.

Así, no prezo do contrato enténdense incluídos os seguintes conceptos:

- O prezo máximo estipulado na presente memoria inclúe calquera tipo de gasto relacionado coa correcta execución do servizo: persoal asignado, materiais funxibles, consumibles, maquinaria, ferramentas, a garantía, os seguros, e calquera outro que se derive da execución do contrato para todas as prestacións contempladas no PPTP.
- Inclúense todos os factores, epígrafes e variables de explotación e gastos que, segundo as obrigacións contractuais e de acordo coa vixente normativa, resulten por conta do adxudicatario. Inclúense tamén os tributos de calquera índole que lle sexan de aplicación.
- Todos os traballos, medios auxiliares e materiais que resulten precisos para a correcta execución do contrato obxecto da presente licitación están tamén incluídos no prezo aquí calculado.

Os datos económicos contemplan os custe a partir da estimación para o ano 1 do contrato (ano 2025 completo -12 meses-), así como a análise e proxeccións dos custes correspondentes a cada un dos sucesivos anos de duración do contrato prevista (ano 2, ano 3,...ano n). Este fundamento resulta relevante ao considerar o contrato no seu conxunto e non exclusivamente no ano de inicio, co obxecto dunha determinación adecuada do orzamento base de licitación para a totalidade do prazo de execución do contrato, determinando o orzamento base de licitación a través da identificación detallada dos importes para cada unha das anualidades do contrato, tendo en conta que a duración do contrato será de catro (4) anos, máis a posibilidade dunha prórroga de un (1) ano.

Todos os datos incorporados á presente xustificación do prezo foron obtidos como resultado de analizar en detalle a prevista estrutura de gastos, o que permite definir as liñas directrices



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:34	Páxina 5 de 31
8173-252	CSV: ACAH57-3549CC-C7C7A7-7YR39B-KND6KN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA ECONÓMICA
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

para o bo funcionamento futuro das prestacións, así como definir e xustificar técnica e economicamente a viabilidade do proxecto obxecto de licitación.

Os cálculos realizados teñen en conta as disposicións, regulamentos, e preceptos contidos na vixente lexislación. Entre outros os seguintes:

- Normativa de Seguridade Social, tipos de cotización no ano en curso e proxeccións.
- Convenio colectivo sectorial: Convenio colectivo provincial de limpeza de edificios e locais da provincia de Pontevedra publicado no BOPPO nº 164 do mércores 28 de agosto de 2019.
- Convenio colectivo de empresa: Convenio Colectivo para o Persoal de Limpeza da Casa Consistorial e outras Dependencias Municipais do Concello de Vigo. BOPPO nº 129 de 7 de xullo de 2022, vixente actualmente.
- Normativa de PRL, e demais normativa que resulte de aplicación.

III c.- CUSTES RELACIONADOS COA ESTRUTURA DE PERSOAL

Para a realización da estimación dos custes de persoal procédese a realizar unha valoración dos datos da carga laboral actual. Esta referencia tomada da actual execución do contrato axústase conforme ás necesidades reais derivadas da configuración e outros condicionantes establecidos no PPTP do novo contrato que se licita.

A estes efectos, débese indicar que por parte do servizo, requiriuse con data 19/02/2024 á mercantil adxudicataria do contrato vinculado a este expediente, e como empregadora dos traballadores e traballadoras afectados, para que aportara a información necesaria para poder incluír a mesma no proceso de licitación, co obxecto de permitir con total claridade e veracidade, a avaliación dos custes laborais para calquera posible licitador.

Así, atópase anexada a este expediente a información facilitada pola mercantil adxudicataria do actual contrato de acordo ao indicado no artigo 130 da LCSP, aos efectos da información das condición de subrogación en contratos de traballo, co que a estimación dos custes correspóndese cos datos aportados pola empresa adxudicataria coñecedora das obrigas laborais en relación á execución do contrato actual, e baixo a competencia propia de organización e dirección que a mesma ten sobre o citado persoal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:34	Páxina 6 de 31
8173-252	CSV: ACAH57-3549CC-C7C7A7-7YR39B-KND6KN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA ECONÓMICA
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

III c.1.- Custe unitario das categorías profesionais

Para a obtención dos custos de persoal debemos partir da estrutura salarial e outros aspectos de incidencia económica, reflectidos no convenio de aplicación, así como a información dos custos salariais achegados polo actual adxudicatario.

Considéranse as seguintes categorías profesionais recollidas no Convenio Colectivo de aplicación, a efectos da determinación da estrutura salarial e por conseguinte do cálculo dos custos de persoal. Ditas categorías profesionais atópanse presentes na actualidade entre o persoal adscrito ao servizo.

- LIMPADOR/A E PEÓN DE OFICIOS VARIOS
- PEÓN ESPECIALIZADO/A E AXUDANTE DE OFICIOS VARIOS
- RESPONSABLE DE EQUIPO
- CONDUTOR LIMPADOR

Tendo en conta as táboas salariais incluídas no convenio (BOPPO nº 164 do mércores 28 de agosto de 2019) axustadas consonte ao indicado no BOPPO nº 129 de 7 de xullo de 2022, que é o que está vixente actualmente, estímase o custo correspondente a cada unha das categorías profesionais do persoal do servizo. Deste xeito, a memoria económica cumpre ambos preceptos, o indicado no artigo 35 (convenio colectivo de aplicación) e o indicado no artigo 122.2 (convenio colectivo sectorial de aplicación) da LCSP.

A continuación preséntanse as táboas salariais diferenciadas por categoría profesional das incluídas no cadro do persoal do servizo, calculando o custo unitario para cada unha delas. Estas táboas salariais correspóndense co chamado "ano 1 do contrato" (ano 2025 completo - 12 meses-) segundo o publicado no Convenio Colectivo de aplicación e preséntanse diferenciadas por categoría profesional.

Táboa III c.1.a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:34	Páxina 7 de 31
8173-252	CSV: ACAH57-3549CC-C7C7A7-7YR39B-KND6KN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA ECONÓMICA
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

CONCEPTOS SALARIALES	Coliza o no	Veces	LIMPIADOR/A		CONDUCTOR/LIMPIADOR		PEÓN ESPECIALISTA				
			Nº	Importe	Total	Nº	Importe	Total	Nº	Importe	Total
SALARIO BASE		1 veces	12	1.078,02	12.936,26	12	1.261,07	15.132,80	12	1.088,36	13.060,37
PLUS DE ASISTENCIA		1 veces	12	73,96	887,56	12	73,96	887,56	12	73,96	887,56
PLUS DE TRANSPORTE		1 veces	0	0,00	0,00	0		0,00	0		0,00
COMPLEMENTO NOCTURNIDAD		1 veces	0	0,00	0,00	0		0,00	0		0,00
PAGA EXTRAORDINARIA DE VERANO		1 veces	1	1.078,02	1.078,02	1	1.261,07	1.261,07	1	1.088,36	1.088,36
PAGA EXTRAORDINARIA DE NAVIDAD		1 veces	1	1.078,02	1.078,02	1	1.261,07	1.261,07	1	1.088,36	1.088,36
PAGA EXTRAORDINARIA DE MARZO		1 veces	1	1.078,02	1.078,02	1	1.261,07	1.261,07	1	1.088,36	1.088,36
PAGA EXTRAORDINARIA DE OCTUBRE		1 veces	1	1.078,02	1.078,02	1	1.261,07	1.261,07	1	1.088,36	1.088,36
TOTAL SALARIO BRUTO					18.135,90			21.064,62			18.301,38
SEGURIDAD SOCIAL	Porcentaje			Importe	Total		Importe	Total		Importe	Total
Régimen general:	24,18%			18.135,90	4.385,26		21.064,62	5.093,43		18.301,38	4.425,27
Desempleo:	5,50%			18.135,90	997,47		21.064,62	1.158,55		18.301,38	1.006,58
Formación profesional:	0,60%			18.135,90	108,82		21.064,62	126,39		18.301,38	109,81
Fondo de Garantía:	0,20%			18.135,90	36,27		21.064,62	42,13		18.301,38	36,60
Accidentes de Trabajo:	3,60%		3,00%	18.135,90	652,89		3,60%	21.064,62	758,33	3,60%	18.301,38
TOTAL SEGURIDAD SOCIAL					6.180,71			7.178,82			6.237,11
Coste total año 2025		meses	34,08%		24.316,61	34,08%		28.243,44	34,08%		24.538,50
ajuste meses año 2025	0,00%	0			0,00			0,00			0,00
subida meses año 2025	0,00%	12			0,00			0,00			0,00
COSTE UNITARIO TOTAL ANUAL					24.316,61			28.243,44			24.538,50



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:34	Páxina 8 de 31
8173-252	CSV: ACAH57-3549CC-C7C7A7-7YR39B-KND6KN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA ECONÓMICA
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

Táboa III c.1.b

CONCEPTOS SALARIALES	RESPONSABLE DE EQUIPO		
	Nº	Importe	Total
SALARIO BASE	12	1.148,22	13.778,63
PLUS DE ASISTENCIA	12	73,96	887,56
PLUS DE TRANSPORTE	0	0,00	0,00
COMPLEMENTO NOCTURNIDAD	0		0,00
PAGA EXTRAORDINARIA DE VERANO	1	1.148,22	1.148,22
PAGA EXTRAORDINARIA DE NAVIDAD	1	1.148,22	1.148,22
PAGA EXTRAORDINARIA DE MARZO	1	1.148,22	1.148,22
PAGA EXTRAORDINARIA DE OCTUBRE	1	1.148,22	1.148,22
TOTAL SALARIO BRUTO			19.259,06
SEGURIDAD SOCIAL		Importe	Total
. Régimen general:		19.259,06	4.656,84
. Desempleo:		19.259,06	1.059,25
. Formación profesional:		19.259,06	115,55
. Fondo de Garantía:		19.259,06	38,52
. Accidentes de Trabajo:	3,00%	19.259,06	577,77
TOTAL SEGURIDAD SOCIAL			6.447,93
Coste total año 2025	33,48%		25.707,00
ajuste meses año 2025			0,00
subida meses año 2025			0,00
COSTE UNITARIO TOTAL ANUAL			25.707,00

III c.2.- Tráballo efectivo

Aos efectos do cálculo do persoal equivalente (número enteiro ou fracción de traballadores a tempo completo que se precisan para realizar o traballo), debemos ter en consideración a aplicación das condicións sociais do convenio colectivo que resulta de aplicación (vacacións, xornada laboral diaria, días de permiso, etc). Así mesmo se terá en conta os días festivos, as xornadas de sábados e domingos e outras incidencias como o absentismo. De todas estas consideracións se obtén un intervalo de horas de traballo efectivo que se utilizará para a estimación dos custes laborais. S tomará como referencia para a “xornada efectiva dun traballador/a a tempo completo e ao ano” o rango de 1.533 horas a 1.555 horas.

Con este dato de referencia serán realizados os cálculos da plantilla total equivalente para o establecemento dos custes laborais do contrato que se licita.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:34	Páxina 9 de 31
8173-252	CSV: ACAH57-3549CC-C7C7A7-7YR39B-KND6KN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA ECONÓMICA
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

III c.3.- Dimensionamento do servizo.

Na seguinte táboa se recolle o dimensionamento do servizo proposto tendo en conta as horas de traballo previstas para a totalidade dos centros obxecto do contrato, así como os días de traballo anuais que son necesarios en cada un deles. Cabe sinalar que esta distribución pode ser modificada polo licitador na súa oferta conforme ao indicado no PPTP (establece un límite inferior respecto do aquí indicado, do que non se poderá descender en ningún caso).

Segundo a estimación efectuada, por mor da división dos edificios en zonas, coa identificación de frecuencias en zonas "a", "b" e "c", así como a aplicación de procesos mecanizados, estimáronse as horas de limpeza habituais que se indican a continuación como as horas de referencia necesarias para a prestación correcta do servizo en cada centro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:34	Páxina 10 de 31
8173-252	CSV: ACAH57-3549CC-C7C7A7-7YR39B-KND6KN-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA ECONÓMICA
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

Táboa III c.3.a)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/08/2024 09:34

Páxina 11 de 31

8173-252

CSV: ACAH57-3549CC-C7C7A7-7YR39B-KND6KN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA ECONÓMICA
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

HORAS TRABAJO AÑO ESTIMADAS	DESCRIPCION	nº de xornadas efectivas anuais
32.851,00	CASA CONSISTORIAL	21,12
864,50	BOMBEIROS RICARDO MELLA	0,556
370,50	PROTECCIÓN CIVIL	0,238
1.729,00	BOMBEIROS TEIS	1,112
4.322,50	PARQUE CENTRAL SANTA CRISTINA	2,779
4.754,75	AUDITORIO MAR DE VIGO, ZONAS COMUNES Y AULAS UNED	3,057
49,40	ALMACEN EDUCACIÓN	0,032
6.397,30	MUSEO-PAZO QUIÑONES DE LEÓN	4,113
61,75	XARDIN HISTORICO QUIÑONES DE LEON (VESTIARIOS E CASETA)	0,040
1.523,17	CASA DAS ARTES	0,979
1.689,48	CASA GALEGA DA CULTURA	1,086
3.129,49	EDIFICIO DA BIBLIOTECA JUAN COMPAÑEL (CASA DE PEDRO ROMÁN OU	2,012
731,25	BIBLIOTECA XOSE NEIRA VILAS	0,470
487,50	PINACOTECA FRANCISCO FDZ DEL RIEGO	0,313
1.543,75	VERBUM CASA DAS PALABRAS	0,993
1.350,00	CASA DA XUVENTUDE	0,868
225,00	LUDOTECA COIA	0,145
1.296,75	CENTRO DE ACTIVIDADES MUSICAIS VALADARES. VIGOSÓNICO	0,834
494,00	CASA DA MULLER (SERVIZO DE IGUALDADE E CENTRO DE INFORM.)	0,318
3.458,00	CEDRO	2,223
988,00	U.B.A.S. CASCO VELLO	0,635
741,00	U.B.A.S. COIA	0,476
370,50	U.B.A.S. TEIS	0,238
494,00	U.B.A.S. RIVERA ATIENZA	0,318
741,00	U.B.A.S. LAVADORES	0,476
185,25	CASA DE LA INFANCIA	0,119
247,00	CENTRO DE FORMACIÓN	0,159
411,67	VIVEIROS DO CASTRO	0,265
247,00	CENTRO CIVICO CORUXO	0,159
1.729,00	CENTRO CÍVICO TEIS	1,112
411,67	PISTA POLIDEPORTIVA, GRADA Y VESTUARIOS CMD TEIS	0,265
370,50	CENTRO CIVICO CASCO VELLO	0,238
617,50	CENTRO CIVICO SAIANS	0,397
494,00	CENTRO CÍVICO MIÑOCA	0,318
308,75	CENTRO MUNIC. DE DISTRITO BOUZAS. CASA DO PATÍN	0,199
431,25	CENTRO INICIATIVAS DE EMPREGO	0,277
225,00	CENTRO SOCIOCOMUNITARIO RIOS - TEIS	0,145
123,50	CENTRO INTERPRETACIÓN VILA ROMANA	0,079
555,75	OFICINA DE TURISMO	0,357
247,00	OFICINA DE TURISMO ALMACEN (ANTIGUO PUNTO XOVE)	0,159
3.762,63	INSTALACIÓN DAS OFICINAS E OUTRAS DEPENDENCIAS DE VIGO NATURE	2,419
543,75	AULA DE ESTUDIOS DE NAVIA	0,350
81.574,80		52,451



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/08/2024 09:34

Páxina 12 de 31

8173-252

CSV: ACAH57-3549CC-C7C7A7-7YR39B-KND6KN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA ECONÓMICA
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

Do mesmo xeito que para as horas de limpeza habituais, tamén se estima un total de horas para limpeza programadas executadas por peóns especialistas. Tamén é preciso dimensionar as horas necesarias do condutor limpador cuxo traballo se desenvolve en todos os centros, e dos responsables de equipo.

Na totalidade dos centros que son obxecto do contrato, estímase o total anual das horas destes traballadores que se describen na seguinte táboa:

Táboa III c.3.b)

HORAS TRABAJO AÑO ESTIMADAS	DESCRIPCION	nº de xomadas efectivas anuais
1.729,00	RESPONSABLE DE EQUIPO CASA DAS ARTES	1,112
1.729,00	PEON ESPECIALISTA CASA CONSISTORIAL	1,112
3.458,00	CONDUCTOR LIMPIADOR TODOS LOS CENTROS	2,223
1.729,00	RESPONSABLE DE EQUIPO VERBUM (TAMBIEN EN QUIÑONES)	1,112
8.645,00		5,559

Consonte co anterior, o resumo anual de horas de prestación, entre os traballos de limpeza habituais tanto as de frecuencia diaria coma as de frecuencia non diaria, os traballos de limpeza programadas, e o resto dos traballos necesarios para unha correcta prestación, son:

Táboa III c.3.c)

CATEGORIA PROFESIONAL	HORAS AÑO
LIMPIADOR/A	81.574,80
RESPONSABLE DE EQUIPO	3.458,00
PEON ESPECIALISTA	1.729,00
CONDUCTOR LIMPIADOR	3.458,00
TOTAL DE HORAS ANUAIS DE PRESTACIÓN:	90.219,80



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:34	Páxina 13 de 31
8173-252	CSV: ACAH57-3549CC-C7C7A7-7YR39B-KND6KN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA ECONÓMICA
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

III c.4.-Identificación da carga laboral -persoal equivalente-.

Definidas as horas anuais de traballo efectivo xunto co dimensionamento do servizo, xa se pode dimensionar o servizo, é dicir, determinar cantos postos de traballo son necesarios, e por conseguinte, cal será o persoal equivalente suficiente para facer fronte ás actividades que se pretenden desenvolver, no horario de actividade previsto e durante as frecuencias prescritas.

Enténdese como persoal equivalente, o número de persoas (ou fracción) contratadas (a xornada completa) que se precisan para cubrir a totalidade dos postos de traballo, considerando as condicións sociais do convenio colectivo que resulta de aplicación (absentismo, vacacións, xornada, libranzas, etc).

Táboa III c.4.a)

CATEGORIA PROFESIONAL	nº de xornadas efectivas anuais
LIMPIADOR/A	52,45
RESPONSABLE DE EQUIPO	2,22
PEON ESPECIALISTA	1,11
CONDUCTOR LIMPIADOR	2,22
TOTAL DE XORNADAS EFECTIVAS ANUAIS:	58,01

Definido o persoal equivalente, xa se pode obter o custo total do persoal.

III c.5.- Resumo dos custos de persoal sen antigüidade

Unha vez establecida o persoal equivalente para cada categoría e considerando o custo salarial previsto, estamos en disposición de calcular o custo de persoal necesario para a execución do total das horas estimadas como necesarias indicadas na táboa III c.3.a) e na táboa III c.3.b).

Na táboa seguinte preséntase o custo de persoal por categoría profesional.

Táboa III c.5.a)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:34	Páxina 14 de 31
8173-252	CSV: ACAH57-3549CC-C7C7A7-7YR39B-KND6KN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA ECONÓMICA
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

CATEGORIA PROFESIONAL	SUELDOS Y SALARIOS	SEGURIDAD SOCIAL	TOTAL COSTE
LIMPIADORA/A	951.244,38	324.184,08	1.275.428,46
RESPONSABLE DE EQUIPO	42.821,03	14.336,48	57.157,51
PEON ESPECIALISTA	20.345,85	6.933,87	27.279,72
CONDUCTOR LIMPIADOR	46.835,55	15.961,55	62.797,10
Total custe Salario + SS (sin antigüidade)	1.061.246,81	361.415,99	1.422.662,80

III c.6.- Custos da antigüidade do persoal

Estarase ao disposto no convenio colectivo de aplicación que recolle como concepto de antigüidade un 5% do salario base por cada trienio a abonar en 16 pagas.

Para o cómputo da antigüidade tomouse en consideración a relación de persoal que actualmente presta o servizo e que se recolle no anexo 6 do PPT. Non se contemplan posibles xubilacións ao non dispor da data de nacemento dos traballadores. Como hipótese de cálculo non se considerará a antigüidade daqueles traballadores que no momento de inicio previsto do contrato (1 de novembro de 2024) acumulen 35 anos ou máis de antigüidade.

Destes datos despréndese para o primeiro ano completo de contrato (ano 2025) que o custe da antigüidade incluíndo os custe de SS, ascenderá a 297.799,72 €. A estimación para os catro anos do contrato é a seguinte:

- Ano 1: 297.799,72 €
- Ano 2: 306.918,96 €
- Ano 3: 323.480,13 €
- Ano 4: 336.827,20 €

(*)Como xa quedou dito, estimanse anos completos de 12 meses.

III c.7.- Resumo dos custes de persoal

Dos cálculos anteriores e considerando o período dos catro anos de vixencia do contrato (co inicio para o 1 de novembro do ano 2024 e finalizando o 31 de outubro do 2028), establécese o seguinte cadro de custes de persoal:

Táboa III c.7.a)



